



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 200900000800
18/03/2009 09:49:52

ASUNTO: POD curso 2009/10

1.- FICHAS DE PROFESORADO (P.O.D. 2008/09)

Comunicolle que na secretaría virtual <http://seix.uvigo.es/> poden consultarse as exencións docentes provisorias de profesorado para o curso 2009/10 para proceder a súa revisión por se conteñen algún dato erróneo. No Anexo 1 inclúense instrucións máis detalladas.

A determinación da docencia presencial que deberá ser dispensada no curso 2009/2010 calcúlase de acordo coa dedicación contractual no presente curso académico (2008/2009) e de acordo co Plano de Desgravacións Docentes aprobado no Consello de Goberno do 25 de novembro de 2008:

http://webs.uvigo.es/vicoap/Encargo0910/desg_doc_0910.pdf

Prégase que, de observar algún erro, achegue a esta Vicerreitoría as alegacións xunto coa táboa de desgravacións corrixida en papel e a correspondente **documentación xustificativa**. **A data límite de envío das correccións é o día 26 de marzo de 2009**. Rematado este prazo e resoltas as oportunas reclamacións, esta Vicerreitoría entenderá que os descontos docentes son definitivos, e non contemplará cambio ningún posterior.

2.- INCORPORACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR EN POD

O PDI contratado nos programas de investigación con previsión de vixencia do seu contrato no curso 2009/10 foi incorporado ao POD 09/10.

Todo persoal investigador con capacidade docente que desexe estar incluído no POD do curso 2009/2010 debe cubrir o "Impreso de Incorporación de Persoal Investigador en POD" (Anexo 2). Este impreso pode obterse na web:

<http://webs.uvigo.es/vicoap/impresos>

Simultaneamente coa solicitude de incorporación ao POD **deberán alegar tamén as exencións docentes as que teñan dereito**. O departamento poderá asignarlles docencia de acordo cos criterios establecidos polo Consello de Departamento.

Así mesmo a **data límite de envío dos impresos de incorporación dos investigadores no POD é o día 26 de marzo de 2009**.



Vigo, 13 de marzo de 2009

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado

Antonio García Pino

SRES./SRAS. DIRECTORES/AS DE TODOS OS DEPARTAMENTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO



ANEXO 1

Para consultar as desgravacións docentes:

Entrar en Secretaría Virtual coa identificación do profesor.

No desplegable “consulta” seleccionar POD. Abrirase unha ventana nova.

Asegurarse de elixir o curso 2009/10. Na pestaña “Capacidade Docente” seleccionar “Consultar Capacidade Docente”. Elixir o departamento, área ou profesor e aceptar.

Para obter a táboa

Na pestaña “informes” elixir “inf301 (capacidade docente)”. Seleccionar “área” e aceptar.

Exportar a PDF. Sobre o documento impreso en papel facer as anotacións manualmente acompañando os documentos xustificativos ou aclaracións necesarias.

Significado das desgravacións segundo o programa de POD.

NOME	CONCEPTO	Apartado da normativa
D _c	Desconto por cargo académico	3
D ₃	Docencia en Terceiro Ciclo (curso 08/09)	1g
D _T	Dirección de Teses de Doutoramento (cursos 05/06, 06/07 e 07/08)	2d
D _L	Dirección de Teses de Licenciatura (curso 07/08)	2e
D _P	Dirección de Proxectos Fin de Carreira (cursos 06/07 e 07/08)	1e
D _s	Desconto Sindical	
POP	Apoio aos Programas Oficiais de Posgrao	1a
I ₁	Grupos de Referencia da Universidade de Vigo	2a
I ₂	Proxectos Europeos/ Consolidar	2b
I ₃	Programa de financiamento I ₃ ou Manuel Colmeiro por incorporación de profesores con vinculación permanente.	2c
I ₄	Sexenios de Investigación	2c
EEES	Apoio á implantación de novos planos de estudo ao EEES	1b
AEPE	Apoio á elaboración de novos planos de estudo ao EEES	1c
IE	Intercambio de Estudantes	1d
PE	Prácticas Preprofesionais en Empresas/Institucións	1e
SAB	Ano sabático	-
OU.	Outros: Concepto para inclusión no programa de POD de situacións especiais como excedencias, comisións de servizo, non cobertura da máxima capacidade se ten carácter voluntario, etc.	-



ANEXO 2

IMPRESO DE INCORPORACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR EN POD

Datos do interesado

Primeiro Apelido: _____ Segundo Apelido: _____
 Nome: _____ DNI: _____ Sexo: _____
 Data de nacemento: / / Titulación¹: _____
 Departamento: _____ Código: _____
 Área: _____ Código: _____

Datos da bolsa/contrato

Tipo de bolsa/contrato ²		Máxima dedicación (créditos)
Predoutoral Universidade de Vigo	<input type="checkbox"/>	6
Predoutoral Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>	6
Programa "María Barbeito"	<input type="checkbox"/>	6
FPI 3º ou 4º ano con suficiencia investigadora	<input type="checkbox"/>	6
FPU 3º ou 4º ano con suficiencia investigadora	<input type="checkbox"/>	6
Programa "Ramón y Cajal"	<input type="checkbox"/>	8
Programa "Juan de la Cierva"	<input type="checkbox"/>	8
Programa "Isidro Parga Pondal"	<input type="checkbox"/>	12
Programa "Ángeles Alvariño" ³	<input type="checkbox"/>	9

Data inicio: / /

Data fin⁴: / /Estadías posdoutorais (só para contratados no Programa "Ángeles Alvariño")

- *Estadías posdoutorais xa realizadas* Meses: días:
- *Estadías posdoutorais previstas durante o contrato*

Estadía 1	Lugar: _____ Data inicio: / /	Data Fin: / /
Estadía 2	Lugar: _____ Data inicio: / /	Data Fin: / /
Estadía 3	Lugar: _____ Data inicio: / /	Data Fin: / /

O que asina declara a súa conformidade para dispensar docencia no POD do departamento _____ no campus de _____ durante o período de vixencia do contrato.

Data: _____

O interesado

Visto e Prace
O Director de Departamento

Asdo.:

Asdo.:

¹ Doutor, licenciado, enxeñeiro, etc.² Debe achegarse fotocopia da credencial de bolseiro ou contrato de traballo.³ Para una correcta planificación da súa presenza en POD, o persoal contratado no Programa "Ángeles Alvariño" deben cubrir obrigatoriamente o apartado de "Estadías posdoutorais" e achegar as credenciais das estadías xa realizadas.⁴ Data máxima, incluídas posibles prórrogas.